



SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE OUTUBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º proposta de resolución do contrato subscrito para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lorenzo), Cambre 2012”. Expediente de contratación 2014/C003/000004

Vista a proposta de Alcaldía de data 25 de outubro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2016, adoptou, entre outros o seguintes acordos:

“(…) **Sexto:** Conceder á empresa SYR-AMG o prazo de cinco días hábiles para que presente o Plan de xestión de residuos correspondente ás partidas que si estaban contempladas no proxecto orixinal ao que o contratista deu expresamente a súa conformidade, e que está obrigado a executar, sendo estas, en concreto, as seguintes:

- excavación e tapado das zanzas (EXCREPZANPOZ),
- demolición e levantamento das beirarrúas e viais (U01AB010), e
- excavación en zanza en terreos sen clasificar de calquera tipo (U01EZ070),



ou, no suposto de estar de acordo, o modelo de plan de xestión de residuos elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal que lle foi entregado o día 9 de agosto de 2016, e que se adapta ao proxecto orixinal e á proposta de proxecto modificado nº 1 presentada polo director de obra, e aos planes presentados pola propia empresa.

Sétimo: No suposto de que o contratista non presente o Plan de xestión de residuos no prazo concedido para o efecto, redactarase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal un proxecto modificado no que, dentro do orzamento, e en capítulo independente, se inclúa unha valoración da totalidade do custo previsto para a xestión de residuos, incluíndo os valorados por ela mesma no Anexo número 2. Xustificación de prezos, e no orzamento, así como os valorados polo director de obra no denominado Informe nº 4 do 6 de xullo de 2015, no que, dentro do resumo do orzamento de execución material do proxecto modificado inclúe un capítulo 4 de xestión de residuos de 531,84 euros, sendo o orzamento de execución material de 115.402,06 euros, proxecto que servirá para demostrar que o contratista pretende obter un enriquecemento ao presentar unha modificación totalmente desproporcionada e non axustada á realidade.

Oitavo: Tendo en conta que tal e como se establece na cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas, aceptadas polo contratista coa presentación da oferta e a formalización do contrato, o inicio das obras require que previamente se presente o plan de residuos, advertirle á empresa que, tal e como se fixo constar no apartado cuarto da Resolución número 1368/2015, do 6 de agosto do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, notificada no seu día, no caso de incumprimento deste requirimento, entenderase que está a incumprir cunha obriga contractual esencial, en canto impide o inicio da obra, tendo incumplido, igualmente, o prazo total de execución ao non poder iniciarse a obra, dado que aínda cando se formalizou a acta de comprobación do replanteo o 6 de febreiro de 2015 (que o adxudicatario no seu escrito do 30 de outubro de 2015 manifesta non lembrar ter asinado), resulta condición necesaria para o inicio a presentación do plan de xestión de residuos, polo que se incoará expediente de resolución do contrato ao abeiro do establecido nas cláusulas 223 d) e f) do TRLCSP, coas consecuencias que poidan derivarse da finalización do contrato por causa imputable á adxudicataria, e que se establecen, entre outros, no artigo 225 do TRLCSP. (...)"

Con data 18 de outubro de 2016 rexistrouse de entrada ao núm. 0/9058 escrito presentado pola empresa SYR-AMG S.L.U., ao que achega como Documento 3 plan de xestión de residuos de data 18 de outubro de 2016, e como Documento número 4 estimación do volume de recursos que xa tiñan sido valorados no proxecto que lle foi entregado e que el estima na cantidade de 27.125,04 euros, a mesma que consta no plan de xestión de residuos achegado o 20 de abril de 2015.

Visto o informe emitido pola Secretaría e pola Intervención municipais de data 25 de outubro actual no que se propón rexeitar o Plan de xestión de residuos presentado, polos mesmos motivos expostos nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2016, así como incoar expediente de resolución do contrato por causa imputable ao contratista, isto tendo en conta que a imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa sen adaptarse ao proxecto que lle foi entregado e á oferta presentada polo propio contratista impide que se poida iniciar e, polo tanto, executar a obra.



Tendo en conta que a cuarta prórroga concedida ao concello pola Deputación Provincial da Coruña para a execución da obra finaliza o 30 de novembro de 2016, polo que o concello ten que solicitar unha nova prórroga e que a obra ten que estar executada antes do 22 de decembro de 2017.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Rexeitar o Plan de xestión de residuos presentado polo contratista mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/9058 o 18 de outubro de 2016, polos mesmos motivos expostos nos apartados Segundo e Terceiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2016, dado que, tendo en conta o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 25 de outubro de 2016, en nada se desvirtúa o xa acordado, é máis, no Plan de xestión de residuos presentado mestúranse os dous plans de xestión de residuos presentados por el (o 26 de febreiro e o 20 de abril de 2015), e propón un xestor de residuos situado ao carón de Cambre, do que non achega oferta económica, e mantén unha oferta doutro xestor situado en Carballo, polo importe de 27.125,04 euros.

Segundo: Incoar expediente para a resolución do contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade 'SYR-AMG, S.L.U.', para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada 'Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012', expediente nº 2014/C003/000004, motivado, en concreto, no incumprimento por parte da adxudicataria do prazo de execución esixido tanto no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento como no contrato suscrito, ademais de polo incumprimento dunha obriga esencial para a execución do contrato que se deriva da imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lle foi facilitado e á oferta por ela presentada, falta de aprobación que impide que se inicie a obra (cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares), isto de conformidade co establecido nos apartados d) e f) do artigo 223 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, nas cláusulas 18 e 33 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, así como na cláusula IV do contrato formalizado o 8 de xaneiro de 2015, e tendo en conta que o concello ten que solicitar unha nova prórroga para a execución da obra (a quinta), e que a obra ten que estar executada antes do 22 de decembro do 2017 (tres anos dende a adxudicación, tal e como consta na Circular remitida no seu día pola Deputación Provincial para autorizar o inicio das obras).

Iso sen prexuízo do ditame que se emita polo Consello Consultivo respecto da causa concreta de resolución.

Terceiro: De conformidade co establecido nos artigos 224.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e artigo 109 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións públicas, dar audiencia, polo prazo de dez días naturais desde a



recepción da notificación destes acordos á entidade adxudicataria do contrato, co fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

Cuarto: Comunicar á entidade adxudicataria que, no caso de que se adopte o acordo definitivo de resolución do contrato, este acordo conterá un pronunciamento expreso acerca da incautación da garantía definitiva constituída, ademais de cuantificar a indemnización por danos e perdas a prol do Concello de Cambre que resulte da instrución dun novo expediente de contratación, e implicará a incoación do procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre da entidade adxudicataria do contrato. Isto, de conformidade co establecido nos artigos 225, 60 e 61 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2º proposta de contratación menor para a realización dunha auditoría para a análise do modelo de xestión e valoración dos servizos de abastecemento e saneamento municipais do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C002/000025

Vista a proposta de Alcaldía de data 25 de outubro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 5 de outubro de 2016, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio dictou Providencia mediante a que solicitou á Sección de Servizos a realización dos trámites para iniciar a contratación do servizo denominado ‘Auditoría para o análise do modelo de xestión e valoración dos servizos de abastecemento e saneamento municipais’, esto tendo en conta o informe emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de setembro actual, no que se refire á necesidade de licitar a xestión do servizo público do abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

Con data 5 de outubro de 2016 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe-proposta, no que describe os traballos a realizar e o seu prezo, indicando que para a valoración de ofertas é apropiada a aplicación dun único criterio de valoración, sendo este o factor prezo.

Con data do 6 de outubro de 2016 díctase Providencia polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, na que se xustifica a urxencia da presente contratación, toda vez que, á vista das conclusións contidas no informe emitido pola entidade adxudicataria, haberá que contratar o servizo de mantemento das instalacións de abastecemento e saneamento municipais.

No presente expediente, remitiuse invitación mediante correo electrónico con data 6 de outubro de 2016, (e posterior corrección de erros do día 7 de outubro seguinte), para participar na presente licitación, á empresa ‘PW Advisory & Capital Services, S.L.’, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, quedando no expediente acreditación da recepción da invitación enviada.



Rematado o prazo de presentación de oferta, presentouse a seguinte proposición en sobre pechado:

Empresa	Data de Rexistro	Nº Rexistro Entrada	Oferta IVE incluído
PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES S.L.	10/10/16	0/8804	20.812,00 €

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito con data 17 de outubro de 2016.

Con data do 21 de outubro de 2016 emitiuse polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, un informe-proposta de adxudicación á antedita empresa, no importe eofertado de 20.812,00 euros IVE incluído.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de servizos se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe favorable, emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 25 de outubro actual, incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000025, e tendo en conta que consta no expediente que a entidade proposta como adxudicataria, "PW Advisory & Capital Services, S.L.", se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Cambre.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio , de data 25 de outubro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data do 5 de outubro de 2016, para a contratación da realización dunha auditoría para a análise do modelo de xestión e valoración dos servizos de abastecemento e saneamento municipais do Concello de Cambre, así como a descrición dos traballos a realizar e o seu prezo, por un importe máximo de 21.500 €, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria '2016/160/22706 "Estudios e traballos técnicos Saneamento'.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000025, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo



3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación á única entidade invitada a participar e que presentou oferta, 'PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L.'.

Quinto: Adxudicar o servizo no prezo ofertado de 20.812,00 euros (IVE engadido), á empresa 'PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES., S.L.', con CIF B-86834256 e domicilio na rúa Paseo de la Castellana 180 bis, 1º dereita, 25046-Madrid, por ser a única oferta que formulou oferta no expediente de contratación incoado, dando cumprimento aos requisitos técnicos e económicos esixidos.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP ao que lle corresponderá supervisar a súa realización, adoptar a as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia